

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xavier López Vidal e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

No pasado mes de xaneiro deuse a coñecer, por parte do alcalde do Concello de Ourense, a nova alternativa que presenta o Ministerio de Fomento para a entrada da liña de alta velocidade na cidade das Burgas.

A nova alternativa, que será recollida polo estudio de integración do ferrocarril en Ourense, foi presentada na derradeira reunión da Comisión Técnica de Seguimento da Integración Urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense.

Este órgano administrativo, composto polo propio Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) e o Concello de Ourense, aposta por un novo trazado que bordea a trama urbana da cidade.

O novo deseño, paralelo á cidade, entendemos que vai supoñer melloras importantes na accesibilidade da alta velocidade á estación de Ourense.

As cifras que se barallan, poñen de manifesto que estamos diante da porta de entrada da alta velocidade a Galicia e que estamos diante dun cambio radical da proxección urbanística da vella Auria.

Ábrese unha nova realidade ferroviaria na cidade que vai provocar unha variación do tecido urbano, que contribuirá sen dúbida á cohesión territorial e a evitar as divisións no territorio que supón o actual trazado.

Diante dun proxecto tan transcendental para os ourensáns e ourensás, para a mellora da súa calidade de vida, e sobre do cal se vertebrará a cidade do futuro, e polo que os deputados asinante formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai a Sr. Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes sobre o novo acordo acadado para a entrada da alta velocidade na cidade de Ourense?

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2008

Asdo.: Pablo Xavier López Vida
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia